



A increíble e sinuosa historia da chegada a Galicia do ferrocarril (1873)

Hai 150 anos que chegou o tren a Galicia. Un treito de 42 kms entre Cornes (Conxo), –ao sur de Santiago– e Carril. Foi un 15 de setembro de 1873. Este libro, *El tren de Rosalía* (Alvarellos Editora-Consorcio de Santiago) de Tomás Cavanna, prologado por Suso de Toro, relata a increíble e tortuosa historia que precedeu a aquela inauguración. Unha obra ilustrada con máis de 130 imaxes e documentos moi descoñecidos.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, PRIMAVERA 2023.- Cando o 15 de setembro de 1873 arrincou, desde a estación Cornes (Conxo) –ao sur de Santiago de Compostela– o primeiro ferrocarril de Galicia, o vapor que a locomotora ía deixando ao seu paso, camiño de Carril, parecía ir debuxando, no aire, a increíble e tortuosa historia, chea de contratempos, que se conta con todo detalle nesta obra, *El tren de Rosalía. Historia del primer ferrocarril gallego* (Alvarellos Editora-Consorcio de Santiago), escrita polo periodista **Tomás Cavanna Benet** e prologada polo escritor e Premio Nacional de Narrativa **Suso de Toro**.

Unha peripecia digna dun verdadeiro guion cinematográfico. Con final feliz, si, incluída a gran festa de inauguración daquel luns de hai 150 anos, pero que arrastrou, en cada curva da vía, todos os posibles problemas que un se poida imaxinar...

CONVERTER SANTIAGO «EN PORTO DE MAR»

A idea de converter Santiago «en porto de mar» xurdira dúas décadas antes, en 1859, cando xa os trens circulaban por exemplo por Barcelona, Madrid, Zaragoza, Alacante ou Irún. En Galicia, o contexto económico era moi adverso e precisamente por esta razón, o tren viría —digámolo en termos



FICHA TÉCNICA: 224 pp . 20 x 19 cms.
ISBN: 978-84-18567-36-0. Papel FSC. PVP: 24,00 €

ferroviarios— a cambiar a agulla do país, a traer riqueza. Así o pensaron os primeiros actores daquela fazaña: como o republicano José Sánchez Villamarín ou o prestixioso xeógrafo Domingo Fontán.

Pero todo serían dificultades no seu soño: falta de recursos (a pantasma da quebra planeou continuamente sobre o proxecto), erros de cálculo na previsión de custos e, mesmo, os grandes rentistas asustaban con bulos afirmando que o paso do tren deixaría ás vacas sen leite.

ROSALÍA DE CASTRO E O FERROCARRIL

Esta é pois a historia do tren de Rosalía. De Rosalía porque o gran poeta viviu os seus anos finais ao pé da estación de Padrón, e porque os seus restos mortais realizaron nel a súa última viaxe en 1891, como ben relata no prólogo o escritor Suso de Toro.

Tomás Cavanna é un profundo coñecedor da historia que aquí nos relata coa axilidade e o dato preciso do xornalista sagaz. A súa crónica, ademais, está ilustrada con máis de 130 imaxes e documentos moi descoñecidos.

Digamos pois, como o autor nas súas primeiras palabras: «Lectores, ao tren!».





Tomás Cavanna Benet (Madrid, 1947), xornalista, chegou a Galicia en 1993 contratado por Camilo José Cela para dirixir a súa fundación de Iria Flavia, ocupando o cargo ata que, en 2010, a institución deixou de ser privada. Desde 1996, seguindo instrucións de Cela, construíu, equipou e dirixiu o «Museo Ferroviario John Trullock», co que o Nobel quixo perpetuar a figura do seu avó materno, que entre 1881 e 1919 foi xerente do «The West Galicia Railway».

A partir da documentación utilizada para dotar de contido ao devandito museo, en 2008 Cavanna publicou na revista *El Extramundi* a primeira historia completa daquel ferrocarril. Agora, con motivo do seu sesquicentenario, ofrece esta nova versión, corrixida e aumentada.

Cavanna tivo a honra de pertencer durante un par de anos ao prestixioso xurado dos «Premios de narracións breves Antonio

Machado», que convocaba a Fundación dos Ferrocarrís Españóis e presidía por entón Rafael Comte, o que lle permitiu coñecer a moitos escritores afeccionados á temática do tren, que lla contaxiaron.

En 2016 publicou *Tumba revuelta: cara y cruz de la Fundación Cela*.



Contacto con Tomás Cavanna: tcavanna@mundo-r.com, 699 43 17 82